

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de marzo de 2022**

Ás 17.30 horas do día 17 de marzo de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourense: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de febreiro de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 17 de febreiro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da Comisión**, antes de dar paso aos demais deputados/as, quere contestar a dúas preguntas que se lle fixeron na comisión do mes anterior.

O Sr. Álvaro Vila preguntaba sobre a visita do cociñeiro Martín Berasategui á nosa provincia e se lle podían achegar a axenda institucional e se supuxera algún custo para a propia Deputación. A presidenta da Comisión di que é importante contar con prescriptores deste nivel na nosa provincia para poder facer do turismo, no gastronómico, un eixe fundamental da nosa provincia. Di que o programa da visita deste prestixioso cociñeiro, os días catorce e quince de febreiro, foi o seguinte: o catorce, ás trece trinta horas, recepción na Deputación Provincial de Ourense por parte do presidente provincial, ás dezasete trinta horas, café no restaurante Miguel González con representantes de hostalería ourensá e ás dezanove horas visita ás Burgas. O quince de febreiro, ás nove trinta, tivo é unha primeira etapa da “Vía da Prata” y despois, ás once trinta, un encontro-coloquio cos presidentes dos consellos reguladores de denominación de orixe percorrendo o Cañón do Sil nunha ruta en catamarán por la Ribeira Sacra na que participaron as catro denominacións de orixe vitivinícola da provincia, a do Ribeiro, a da Ribeira Sacra, a de Monterrei e a de Valdeorras, representantes da pataca de Galicia, do pan de Cea, da castaña de Galicia e tamén das IXP pemento da Arnoia e pemento de Oímbra; e rematou ás trece horas cunha visita ao mosteiro de San Pedro de Rocas. O custo que tivo para a institución dicir que foi o custo protocolario que supón este tipo de visitas que se reciben na Deputación.

O voceiro do BNG, Bernardo Varela López, preguntaba se había algunha novidade sobre o espazo termal. Cre que a isto xa contestou o presidente no último Pleno, no que tamén se lles trasladou que cando haxa algunha cuestión de interese se lles faría chegar. A presidente da Comisión trae unha copia do informe que se fixo sobre os ensaios de bombeo do caudal para determinar a viabilidade do que se lle dará copia ao resto dos grupos políticos.

D. Álvaro Vila Araujo, do Grupo Socialista, quere saber cal é o custo protocolario habitual nese ámbito.

A presidenta da Comisión di que foron dúas comidas e o custo do catamarán, non sabe cuantificado canto foi, pero aclara que o Sr. Berasategui non tivo ningunha compensación económica por esta visita.

D. Bernardo Varela López, do BNG, en relación con Manzaneda di que saíu nalgún medio de comunicación que a estación de esquí de Manzaneda era a única de toda Europa (cre recordar) que non tivo ningún día de esquí en todo o ano e iso que si que houbo algunha fin de semana que se daban todas as características potenciais para poder desenvolver esta actividade e poñer os canóns en marcha; e leu que un día bo para a neve chegou a xente á estación e só estaban en funcionamento dous dos canóns, un na parte de abaixo e outro na parte de arriba. Como a Deputación ten o corenta e nove por cento desta sociedade anónima e que seguramente este ano haberá que pór outro medio millón de euros, gustaríalle que se lle dera o informe correspondente de cal é a situación e por qué se produciu ese feito ese fin de semana que, polo que din os expertos, non é normal que non se lle dera esa posibilidade.

A presidenta da Comisión di que se lle trasladará o correspondente informe.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, vai continuar coa liña de Manzaneda y di que en decembro de dous mil vinte e un se abriron as prazas para o programa de “ESQUIOU” para todos os nenos da provincia, cre que eran setecentas trinta e cinco prazas e distintas datas para cada zona da provincia, e di que non saben se se chegou a levar a cabo xa que, como di o compañeiro do BNG, no se poido gozar da neve e polo tanto non se puido esquiar. Pregunta se se levou finalmente a cabo esta actividade ou se anulou o se desempeñaron outro tipo de actividades e se se cubriron todas as prazas ou non.

A presidenta da Comisión di que se lle trasladará o correspondente informe. Aclara que o programa ESQUIOU non depende soamente de se hai neve ou non.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, di que onte saíu a resolución do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Ourense onde di que se anula a adxudicación do contrato de Manzaneda á empresa Artabria Turismo, que era a empresa que xestionaba a estación de Manzaneda, e querían saber que vai ocorrer a partir de agora.

A presidenta da Comisión di que se lle trasladará un informe cando teñan a información correspondente.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, pregunta en que consiste o programa “Hai un Ourense para ti, descúbreo”, calos foron os criterios para elixir aos concellos onde se vai desenvolver este programa e cales son eses concellos.

A presidenta da Comisión di que lle contestará cando teña a información recollida.

E, ás dezasete horas e trinta e nove minutos, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.